



ORDENANZA FISCAL Nº 15

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA

Artigo 1º.-Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 20, en relación cos artigos 15 e 58 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais que se deriven das instalacións de quioscos na vía pública, especificados na tarifa contida no apartado 2 do artigo 3º seguinte, que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2º.-Obrigados ó pago.

Están obrigados ó pago da taxa regulada nesta Ordenanza as persoas ou entidades a cuxo favor se outorguen as licencias, ou quen se beneficie do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

Artigo 3º.-Contía.

1.- A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada na tarifa contida no apartado seguinte, atendendo ó tempo de duración do aproveitamento e á superficie cuxa ocupación queda autorizada en virtude da licencia, ou a realmente ocupada, se fora maior.

2.- A tarifa da taxa será a seguinte:

CONCEPTO	EUROS
Epígrafe único	
Quioscos, independentemente de cal sexa o tipo de mercadorías obxecto de venta, por m2 e trimestre	2

Artigo 4º.-Normas de xestión.

1.- A taxa regulada nesta Ordenanza é independente e compatible coa taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.

2.- As cantidades esixibles con arranxo á tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polos períodos naturais de tempo sinalados.

3.- As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza deberán solicitar a correspondente licencia previamente, realizar o depósito previo a que se refire o artigo seguinte e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento, acompañando un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do municipio.

4.- Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias coas peticións de licencias; se se deran diferencias, notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.



5.- En caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello la devolución do importe ingresado.

6.- Non se consentirá a ocupación da vía pública ata que se teña abonado o depósito previo a que se refire o artigo 6.2.a) seguinte e se obteña a correspondente licencia polos interesados. O incumprimento deste mandato podará dar lugar á non concesión da licencia, sen prexuízo do pago da taxa e das sancións e recargos que procedan.

7.- Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentres non se acorde a súa caducidade pola Alcaldía ou se presente baixa xustificada polo interesado ou polos seus lexítimos representantes en caso de falecemento.

8.- A presentación da baixa surtirá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte sinalado no epígrafe da tarifa que corresponda. Sexa cal sexa a causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa determinará a obrigación de continuar abonando a taxa.

9.- As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licencia.

Artigo 5º .-Obrigación de pago.

1.- A obrigación de pago da taxa regulada nesta Ordenanza fiscal nace:

- a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicitar a correspondente licencia.
- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na Tarifa.

2.- O pago da taxa realizarase:

- a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesourería Municipal ou onde establecese o Concello, pero sempre antes de retirar a correspondente licencia. Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 47.1 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, quedando elevado a definitivo ó concederse a licencia correspondente.
- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas desta taxa, por trimestres naturais nas oficinas da Recadación Municipal, dende o día 16 do primeiro mes do trimestre ata o día 15 do segundo mes.

Disposición final.

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e de acordo co disposto no art. 17.4 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A presente ordenanza Fiscal publicouse no [Boletín Oficial da Provincia da Coruña num. 19 do 23 de xaneiro de 2002.](#)